

E DIDÁCTICA - UNIDADE DIDÁCTICA - UNIDADE DIDÁCTICA - UNIDADE DIDÁCTICA - UNIDADE DIDÁCTICA

UNIDADE DIDÁCTICA - UNIDADE DIDÁCTICA - UNIDADE DIDÁCTICA - UNIDADE DIDÁCTICA - UNIDADE DIDÁCTICA

MELLOR ESPECTÁCULO
DE MONICREQUES
PREMIOS MARÍA CASARES 2024

NANAI



DA CHINA

UNHA PRODUCCIÓN DE
PÉREZ & FERNÁNDEZ

Autores: Xabier Romero, Victoria Pérez. **Intérpretes:** Victoria Pérez, Manu Fernández.
Títeres: Iria Fafián, Montse Piñeiro. **Espazo escénico:** Montse Piñeiro.
Espazo sonoro: Xabier Romero. **Produción:** Pérez&Fernández. **Distribución:** Urdime.
Dirección: Victoria Pérez.

Idade recomendada +5.

Co apoio de:



Concello da Coruña

QUE IMOS VER?

Unha obra de teatro titulada "Nanai da China" onde os títeres e os actores se fusionan para representar un conto orixinal cheo de maxia, aventuras, e humor.



DE QUE TRATA "NANAI DA CHINA"?

Nanai é unha nena que naceu nunha noite sen lúa. Os seus veciños e veciñas reixéitana dende que nace, por pura superstición. Ela só sabe dicir NON!, e axudar ao seu avó a cultivar o arroz máis delicioso desta beira do Yangtsé en compañía de Chis-Púm, un simpático búfalo de auga. Para loitar contra esta estúpida superstición da xente, Nanai e o seu avó elaboran un plan que non sae todo o tempo tan ben como debería...

VALORES, TEMATICAS E CONTIDOS



Dende un posto ambulante de comida de rúa, dous grandes coñecedores da historia de NANAI fálannos de realismo máxico, dos mitos, **tradicións** e **supersticións** dunha aldea da **China** (que é tódalas aldeas). Empregando distintas técnicas de narración oral, representan a verdadeira historia da nena que só dicía NON! Reviven a sinxela vida do seu avó Minchín, un humilde agricultor de arroz, en contraste cos excesos e excentricidades do grandísimo Emperador Ming. Comparten con nós a **sabedoría culinaria** ancestral da gran Chef Mayóng e as terribles consecuencias da embriaguez. Nanai, coa axuda da súa amorosa nai Miú e do seu fiel amigo Chis-Púm, terá que emprender unha viaxe para romper dunha vez por todas o cárcere de **medo** no que vive e para salvar a toda a comunidade.


Temas transversais:

- #AgriculturaEcolóxica*
- #AniNovoChino*
- #SuperaciónPersoal*
- #TiposDeFamilia*
- #XestiónEmocional*
- #Adicións*
- #Discriminación*



ANTES DE IR AO TEATRO

Presentar ao alumnado a peza que van ver, ensinándolles o cartel e lanzando preguntas que serán traballadas de forma colectiva, co obxectivo de fomentar unha expectativa previa e unha experiencia máis participativa:



- **Cal é o seu título?** ... "Nanai da China"
- **Coñeces esa expresión? Que significa?**
- **Que se ve no cartel?** ... Unha nena, unha muller cun moño, un home con bigote e sombreiro, estrelas, a lúa, peixes, flores...
- **Que relación terán entre eles?** ... Nai, filla e avó.
- **E que relación terán cos outros elementos?** ...
- **Quen credes que é a protagonista?** ...
- **Que máis información aparece no cartel?** ... Os artistas que fixeron posible a peza de teatro ("equipo artístico").

DEPOIS DE IR AO TEATRO

A finalidade das seguintes actividades é aproveitar ao máximo a experiencia teatral vivida e aproveitar a súa temática e valores para traballalos na aula.

1. CREAMOS OS NÓSOS MONICREQUES

Propoñemos ao alumnado facer o seu propio monicreque con material escolar facilitándolles algúns dos deseños dos múltiples personaxes que aparecen en Nanai da China.

• MATERIAIS NECESARIOS:

- Cartolina ou Cartón
- Tesoiras
- Pegamento
- Pinturas
- Papeis variados
- Pauciños de madeira



• COMO FACELO?

1. Recortar a silueta do personaxe.
2. Pegar a silueta nunha cartolina, papel de alto gramaxe ou cartón reciclado.
3. Debuxar os detalles dos personaxes e decorar as roupas cos papeis variados e/ou coas pinturas.
4. Pegar o pauciño de madeira á parte traseira dos monicreques para poder animalos.



HAWEI - A VERDULEIRA



CO-REN - O CARNICEIRO



BA-YON - O ADEGUEIRO



MIU - ȚA NAI DE NANAI

2. REPRESENTAMOS ESCENAS COS MONICREQUES

Agora que xa temos monicreques feitos, imos probar a manipularlos.

Facemos grupos de catro, dous poden ler o texto mentres os outros dous manipulan o títere.

O ideal sería utilizar algún teatriño que teñan na escola para poder agocharse detrás.



ESCENA 1

Bos días Miú!



HAWEI

Verduras frescas!

MIÚ

Bos días, señora Hawei!

HAWEI

Bos días, Miú! Que cousas máis terribles se contan do bó Minchín.

MIÚ

Meu pai non fixo nada, ben o sabe.

HAWEI

Ai, eu ben o sei, Miú, pero a envexa éche moi mala, e como Minchín nunca contou o segredo do seu arroz... Xa hai moito ciumento dicindo por ahí que xa se sabía, que era cousa de tempo... Eu non eh, eu non son unha praceira bocona desas! Verduras frescas!!

MIÚ

Señora Hawei, e non terá cebolas e cenorias das que levou antonte a chef Mayong?

HAWEI

Teño si, van caríiiiiiiisimas, pero ter teño, claro!

MIÚ

E, podería probalas?

HAWEI

Ai, se as pagas podes probalas... e ata darllas ao búfalo se queres.

MIÚ

Pois é boa idea. Chis-Púm é moi listo e saberá con certeza se están ben só con ulilas.

HAWEI

Pois toma!

ESCENA 2



CO-RÉN

Chourizo, solombo, xarrete! Prepare hoxe porco agri doce señora!! Jeje!!

MIÚ

Bos días, señor Co-Rén.

CO-RÉN

Bos días, Miú! Aínda insistes en non casar comigo? Jeje!!

MIÚ

Oh, señor Co-Rén, leva trinta anos pedíndolle matrimonio a tódalas súas clientas.

CO-RÉN

Jeje!

MIÚ

Non terá carne da mesma partida que levou este ano a chef Mayong?

CO-RÉN

Teño, a que leva o emperador e a mesma que levan tódolos meus clientes. Tódolos meus porquiños levan a mesmiña vida de luxo e deporte! Todos comen marrón glacé e cabelo de anxo!

MIÚ

E podería probala?

CO-RÉN

Claro, Miú. Ten, leva esta boa tallada... e lémbrete de mín se vos sobra algo de arroz ou... se queres casar comigo, jeje!

ESCENA 3



BA-YON

O viño que vende o Ba-Yón, nin branco nin tinto nin ten unha cooooooor! Hip!

MIÚ

Bos días señor Ba-yan!

BA-YON

Bos días, Miú! Como anda teu pai? Hip!

MIÚ

Preso!

BA-YON

Minchín? Preso? Hip! Pero se nunca o vin matar unha mosca!

MIÚ

É un erro, señor Ba-Yón. Disque envelenou ao emperador co seu arroz, pero nós comemos do mesmo, e non nos pasou nada, así que estamos percorrendo os postos de tódolos provedores do banquete, a ver se atopamos o que puido ser.

BA-YON

Ai, pois o meu viño tampouco foi, Miú. Eu béboo todo o tempo, tooooooooodoo o tempo, hip! E a chef Mayong tamén, bebe o meu viño e o meu licor toooodoo o tempo, e a chef ta perfecta, hip... Inda veu hoxe facer a compra, que eu a vin.

MIÚ

E podería levalo?

BA-YON


E logo non... Mira aquí o tes! Hip! Ueh! O viño que vende o Ba-Yón...

3. SOMOS CHEFS

Imos xogar a que somos como a Gran Chef Mayong e **deseñamos o menú dun gran banquete**. A proposta é planificar, entre toda a clase, ou en grupos, un delicioso menú para servir na festa de aninovo do palacio do emperador.


Debemos ter en conta moitos aspectos: que sexa un menú equilibrado, nutritivo, feito con produtos de tempada e de proximidade e, sobre todo, que sexa delicioso.





- **COMO O COCIÑAMOS?**

Facemos mímica como fai a Chef Mayong na obra. Adiviñamos o que outro está a preparar, por exemplo: picar verduras e hortalizas, limpar o peixe, cortar a carne, cocer arroz, remover, botar sal, especias... Emplatar.



4. TODOS SOMOS NANAI



*Nena rabuda!
Mal raio te parta!*

discriminar

Dar trato discriminatorio a unha persoa ou un grupo humano por razóns de sexo, raza, nacionalidade, crenzas, relixión etc.



Sácate da miña vista!

Nanai é rexeitada polos seus veciños por unha superstición tan absurda como ter nacido nunha noite sen lúa.

Nesta actividade búscase guiar ao alumnado para que adquira unha mellor comprensión da discriminación, que a recoñeza na súa vida cotiá, e analice o modo no que poden estar oprimindo ou discriminando inconscientemente aos demais, que se recoñezan a si mesmos como posibles opresores e detecten a súa mentalidade e os seus actos discriminatorios.

- **Como cres que se sente Nanai cando os seus veciños a tratan mal?**

Triste, enfadada, rabiosa, furiosa, dorida, ...

- **Cómo cres que se senten os que a oprimen?**

Temerosos, receosos, medorentos, ...

- **Sentícheste algunha vez discriminada/o? Cando?**

...

- **Recoñeces ter discriminado algunha vez a alguén?**

...





• **SOPA DE LETRAS.**

Arrodea 7 emocións de Nanai e dos seus veciños:

enfado - dor - furia - temor - tristeza - medo - rabia

Ó X Ü Ü A
Z G K R I I M C Ü
N M R K B Ü S N D V K
G S G P E E R M U O V U Y
L Z Ñ Ü N E Ó O Á R A R G
Á Á K I B F E Q J L G A I F I
S Q É Q R A Y R L A F P L U L
P L E I É D I S P I L R D R K
E U C Ñ Z O I L G Á H Í Y I F
Ó R B M T D Y R T E M O R A Z
M A D T R I S T E Z A E A
S S B M E D O F H Z Ü R U
V J I Ü I R É T B Y H
Z E A Ó G U Q F Z
M I Ó Q C




• SOPA DE LETRAS.

Solución:

				Ó	X	Ü	Ü	A												
				Z	G	K	R	I	I	M	C	Ü								
			N	M	R	K	B	Ü	S	Ñ	D	V	K							
	G	S	G	P	E	E	R	M	U	O	V	U	Y							
	L	Z	Ñ	Ü	N	E	Ó	O	Á	R	A	R	G							
Á	Á	K	I	B	F	É	Q	J	L	G	A	Í	F	I						
S	Q	É	Q	R	A	Y	R	L	A	F	P	L	U	L						
P	L	E	I	É	D	I	S	P	I	L	R	D	R	K						
E	U	C	Ñ	Z	O	I	L	G	Á	H	Í	Y	I	F						
Ó	R	B	M	T	D	Y	R	T	E	M	O	R	A	Z						
M	A	D	T	R	I	S	T	E	Z	A	E	A								
S	S	B	M	E	D	O	F	H	Z	Ü	R	U								
	V	J	I	Ü	I	R	É	T	B	Y	H									
		Z	E	A	Ó	G	U	Q	F	Z										
					M	I	Ó	Q	C											



MELLOR ESPECTÁCULO
DE MONICREQUES
PREMIOS MARÍA CASARES 2024



Instagram

[perezyfernandezteatro](https://www.instagram.com/perezyfernandezteatro)

www.perezyfernandez.com